

CHAMADA A UN DIÁLOGO SOBRE O MODELO DA UNIVERSIDADE PÚBLICA

Os e as estudantes que loitamos por unha universidade pública e de calidade empechándonos no edificio histórico da Universidade de Barcelona, a central administrativa (na praza Universitat), facemos unha chamada à solidariedade e ao apoio de tódolos movementos sociáis, colectivos, asociacións, veciños e veciñas, etc, para que vos sumedes ao manifesto adxunto e participedes activamente nas actividades da universidade alternativa. Estamos convencidos de que a nosa loita é tamén a vosa.

Como participar:

- propoñendo actividades para a universidade alternativa (ver mail de contacto)
 - trasladando as vosas actividades, asembleas, reunións de traballo, etc. á universidade alternativa ocupada, (témolo todo o espazo necesario)
 - asistindo às actividades que se realizan neste espazo (<http://www.tancadaalacentral.blogspot.com>)
- se se dispón de tempo e enerxía, vindo a durmir cos compañeiros e compañeiras empechados na universidade central. (temos comida de sobra e un respetuoso ambiente garantido)
- enviandonos tódolos documentos relacionados ca ocupación e ca loita contra o proceso de Bolonia que consideredes pertinentes.
 - difundindo esta información para estender a nosa voz o máis lonxe posíbel.

SE GAÑAMOS ESTA LOITA GAÑAMOS TODOS!

PAREMOLAS AULAS PARA PODER ESTUDAR!

Resumo das reivindicacións:

Por todo o exposto, pedimos o apoio à loita estudiantil para conseguilo cumprimento dos tres puntos detallados a continuación:

- Que teña comezo un proceso de debate amplo, público e aberto no que participen tódolos axentes sociáis envoltos para definir cal é o modelo de universidade pública que necesita e quere a sociedade civil, así como, os recursos económicos dos que se disporá para garantir unha universidade pública e de calidade.
- Retirada dos expedientes e procesos xudiciais contra os 31 compañeiros e compañeiras da Universidade Autónoma de Barcelona, imputados pola súa loita na defensa da universidade pública.
- A realización de referendums en tódalas universidades públicas para que a comunidade universitaria se posicione ao respecto do proceso de implantación do Espazo Europeo de Educación Superior.

PARA APOIAR O MANIFESTO:

<http://www.firmasonline.com/1Firmas/prefirm.asp?C=1973>

PARA CONTACTAR CON NÓS E ENVIAR CALQUEIRA DOCUMENTO:

tancadaalacentral@gmail.com